WIKIPEDIA

Lingua luvita

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **luvita**[1] é unha lingua anatolia emparentada co hitita-nesita e co palaíta. Falouse no sur de Anatolia no II e no I milenio antes da nosa era. Sobreviviu á caída do Imperio hitita e dela derivaron o milio, e logo o licio.

Ao contrario do hitita-nesita e do palaíta, non foi demasiado influenciada polo hatti, que non será polo tanto un substrato do *luvita*.

A lingua *luvita*, minoritaria no seo da administración hitita, escribiuse por medio da escritura cuneiforme. Con todo, a partir do século -XV desenvolveuse unha escritura particular, chamada escritura xeroglífica hitita e a maioría das inscricións, de carácter esencialmente documental, que empregan esta escritura transcriben un dialecto do *luvita*. Atopáronse inscricións en luvita xeroglífico no norte da actual Siria, de época tan recente como o século -VI. Estes xeroglíficos hititas non semellan estar emparentados cos xeroglíficos exipcios ou cretenses e considéranse unha invención local.

Luvita ***luwili***	
Falado en:	Anatolia
Total de falantes:	600 a.C
Familia:	Indoeuropea Linguas anatólicas **Luvita**
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	--
ISO 639-2:	---
ISO 639-3:	xlu (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=xlu)



Notas

1. "Entrada luvita en Digalego". Consultado o 31 de outubro de 2017.

Véxase tamén

Outros artigos

- lingüística
  - linguas do mundo
    - linguas indoeuropeas
      - linguas anatolias

Traído desde "https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_luvita&oldid=5219863"

A última edición desta páxina foi o 10 de agosto de 2019 ás 10:01.